MARTES 9 ABRIL 2019 • ANO VI - Nº 191 • Correo - liderlugo@lavoz.es

# 1.Líder BASKET



Estudiantes Lugo **62** | **67** Sarria

# CAMPIÓNS PREMINI

**O Oribio Construcciones CB Sarria alzouse co título provincial** tras vencer a Estudiantes Azul nun duelo directo. Os de Adrián López teñen asegurado o seu billete para disputar a Liga Galega de Preminibasket. Os celestes xogaranse a segunda praza contra Estudiantes Rojo

LIGAS GALEGAS JÚNIOR

## En marcha a conta atrás para os play off

Tres equipos lucenses, Estudiantes masculino e feminino e Ensino, buscan a próxima fin de semana o pase para os seus respectivos campionatos de España nas finais A4 que se xogan en Lugo

SEGUNDA DIVISIÓN JÚNIOR

## Ribadeo xogarase o título na casa



LIGAS GALEGAS PREINFANTIL

## Os tres equipos lucenses son os principais protagonistas

**Estudiantes feminino e Maristas lideran as competicións. Estudiantes masculino suma 13 vitorias consecutivas**

SEGUNDA DIVISIÓN CADETE

## A fase de ascenso é o seguinte reto para San Ciprián e CB Ribadeo

Ambos equipos despediron o Provincial con vitorias moi traballadas. O salto de categoría é agora o soño dos mariñaos

# "O meu soño era vivir esta experiencia e por fortuna estouno a facer realidade"

**SILVIA FERREIROS** deu os seus primeiros pasos no baloncesto en Triscos, antes de pasar por Cidade de Lugo e Ensino para desembarcar nos Estados Unidos no UMBC Woman's




Silvia Ferreiros, unha das xoias do baloncesto lucense, iniciou esta tempada a aventura americana tras formarse na canteira de Cidade de Lugo e Ensino. A piques de rematar o primeiro ano en EEUU a valoración é máis que positiva.

**Cando e onde empezache a xogar ao baloncesto?**

¡Non recordo a miña vida sen un balón de baloncesto! Desde moi pequena ía aos partidos da miña irmá Paula e xogaba nos tempos mortos ou no descanso. Pero o meu primeiro equipo foi o do colexio, o Triscos, en prebenxamín, onde xogaba coas miñas compañeiras de clase ou doutros cursos.

**Cando te deches conta que che gustaba tanto e querías tomalo máis en serio?**

A min o baloncesto sempre me gustou moito, ía co balón a todas partes e o meu soño era vir aquí. Pero claro era un soño, eu adestraba e xogaba e non pensaba moito no que ía facer no futuro. Ata que no segundo ano de cadete os de W2A chamáronme para explicarme un pouco como era todo o proceso para conseguir unha beca e dixéronme que tiña bastantes posibilidades de que me deran unha, entón fun a por ela sen pensalo.

**Cales son os mellores recordos da túa etapa de formación?**

De Cidade teño moi bo recordo das escolas con Cris Seijo, porque nolo pasabamos moi ben e o ambiente era inmellorable, foron dous anos moi bos. En Ensino estes últimos catro anos foron incribles, conseguimos ir a tres campionatos de España e gañamos dúas Copas Galicia. Cada campionato foi diferente e levabámonos tan ben entre nós que son experiencias que che quedan para sempre. Pero si teño que elixir un, a final da Final Four junior en Peleteiro, cando era cadete, é posiblemente o meu recordo máis feliz, porque ninguén se esperaba que fósemos gañar e era un equipo moi especial.

**Algunha conta pendente ou algun mal sabor de boca?**

Quédame a espiña de non gañar a Liga Galega, porque estivemos moi preto de gañala cando era junior de primeiro ano, e tamén me deu moita rabia perder a final da Copa Diputación con Cidade.

**Que adestradores te marcaron máis?**

De todos me levo algo. Germán ensinoume a xogar. Cris fixome ver o baloncesto con outra perspectiva. Juan ensinoume moitas cousas e sempre lle agradecerei que me levase co junior cando era cadete, porque foi un ano incrible. Pero teño que destacar a Miguel López, porque sempre se preocupou moito por min para que mellorase e ata adestraba comigo no seu tempo libre.

**Cal foi a mellor xogadora coa que compartiches vestuario?**

Sería inxusto si dicir só a unha, porque tiven compañeiras boísimas, das que aprendín un montón e axudáronme moitisimo. Teño a sorte de que sempre me sentín moi apoiada polo meu equipo e así era moi fácil xogar. Sei que si non tivera unhas compañeiras como as que tiven non estaría aquí. Pero deportivamente falando si que é verdade que Alba Prieto e Paula Valiño influiron moito no meu xogo porque me fixaba moito no que facían.




**Como está sendo a experiencia en EEUU?**

Ao principio era un pouco duro polo idioma e porque a cultura é bastante diferente. Pero unha vez que te fas e colles o ritmo é moito máis fácil, ademais axúdanche moito e están moi pendentes de que fagas o que tes que facer.

**Como é un día a dia na túa nova vida?**

Depende do momento da tempada hai un tipo de adestramento ou outro, pero sempre o facemos pola mañá. Nun día normal, durante o periodo de partidos, levántome todos os días máis ou menos ás 7 am para estar no vestiario ás 7.30 am. Hai que estar unha hora antes da sesión de video para almorzar e ir á sala do fisio, porque temos que poñer calor ás zonas nas que teñamos algunha molestia, estirar ou vendarnos si fai falta. Despois do adestramento hai dous días nos que temos tamén ximnasio, e ao acabar teño que apurar para poder comer algo porque teño clase á 1 pm. Este semestre, ás 5:15 pm xa termino as clases e vamos cear ás 6 pm ou así. Ademais durante a semana teño que facer seis horas de "study hall" obligatorias e dúas delas son o domingo todas xuntas.

**O baloncesto que atopache aí é moi distinto ao de aqui?**

Si, atopeino moi diferente porque eu estaba habituada a facer moitos contraataques e aquí xogan máis en estático e é un xogo moito máis fisico, pero acábaste afacendo a iso.

**Que tal no teu novo equipo? Como vos van as cousas colectiva e individualmente?**

Colectivamente empezamos moi ben, conseguimos facer o mellor inicio da historia da universidade cun balance de 6 vitorias e 0 derrotas, pero a mediados de Decembro tivemos un cambio de adestrador que non esperabamos e torcéusenos a tempada.

OS CLUBS

CIDADE LUGO | ENSINO | UMBC WOMAN'S

Individualmente falando, o meu adestrador quería ir dándome minutos a medida que me fose adaptando porque ademais estaba facendo bos entrenos. Co cambio de adestrador acurtaron a rotación e non quixeron facer moitos cambios. Pero é unha tempada que ao final me serviu para crecer. Teño moitas ganas de empezar a próxima , porque imos ter un adestrador novo.




**Segues ao teu ex equipo desde a distancia, como ves as opcións do Ensino nos play off polo Campionato de España?**

Si claro! Falo moito con elas e téñenme informada de como vai a liga. De feito estiven unha semana en España porque aquí era o Spring Break e fun velas xogar un partido. Gustoume moito como xogaron así que estou segura de que conseguirán ir ao campionato.

# Toque de atención no Anexo

## ESTUDIANTES, que xa viña xogando con lume, queimouse ante un sorprendente Peleteiro


Dani gañando a liña de fondo nun lance do xogo


Sergio cara a pintura ante a mirada de Eloy

**81 ESTUDIANTES – 83 PELETEIRO**

| ESTUDIANTES Xogador | Pts. | PELETEIRO Xogador | Pts. |
|---|---|---|---|
| Sergio | 12 | Mostaza | |
| Eloy | 12 | Concheiro | |
| Jorge | 10 | Álvarez | |
| Iker | 5 | Foira | |
| Anxo | 4 | Del Río | |
| Álvaro | 12 | Longarela | |
| Dani | | Prieto | |
| Adrián | 12 | Blanco | |
| Pedro | 14 | Bello | |
| Lucas | | Gil | |
| | | Carou | |
| | | Padrón | |

> "Sin ser mínimamente duros en defensa es muy complicado ganar cualquier partido"
> JAVI PEINÓ Estudiantes

Estudiantes viña xogando con lume e ao final os de Javi Peinó termináronse queimando. Nesta ocasión os picos de bo xogo non foron suficientes, xa que en defensa os celestes nunca estiveron ao seu máximo nivel.

As cousas non pintaban ben desde os primeiros minutos, cun parcial inicial de 16-18 ante o que Estudiantes reaccionou no segundo cun 26-25 que lle deixaba un punto abaixo ao descanso.

As diferenzas para un e outro equipo ao longo dos primeiros vinte minutos apenas superaron os dous puntos. Esperábase a reacción lucense na segunda parte ante un Peleteiro que apura as súas opcións de chegar á recta final de tempada con opcións de meterse nos play off. Con todo, Estudiantes nunca chegou a activarse de todo en defensa.

Atrás concedeuse demasiado e en ataque a toma de decisións non foi a mellor, propiciando perdas e contraataques do rival. Ao último cuarto chegouse con menos catro no marcador e nos últimos dez minutos Estudiantes tan só puido recortar dous, 22-20, polo que Peleteiro propiciou a sorpresa nunha xornada na que os lucenses non aproveitaron a derrota de Tui para poñer distancia na clasificación co terceiro.


Pillado na pintura rodeado de rivais ante Álvaro


Álvaro mira o aro por diante de dous rivais

# O vendaval celeste pasou por Lugo

## O CELTA DE VIGO segue sendo intratable na Liga Galega cadete

**26 ENSINO – 96 CELTA VIGO**

| ENSINO Xogadora | Pts. | CELTA VIGO Xogadora | Pts. |
|---|---|---|---|
| Sabela | 5 | Comesaña | |
| Nerea | 2 | Yáñez | |
| Carla | 2 | Prieto | |
| Nuria | 9 | Dembelé | |
| Antía | | Vázquez | |
| Natalia | | Castaño | |
| Any | 2 | Felipe | |
| Lucía | 6 | García | |
| | | Estévez | |
| | | Padín | |
| | | Mendoza | |

> "Grandísimo esfuerzo y muchas ganas de volver al trabajo semanal con estas chicas"
> ADRIÁN GONZÁLEZ Ensino

O Cafés Candelas Ensino recibiu a visita do mellor equipo galego cadete feminino. Un Celta de Vigo intratable que segue exhibindo potencial xornada tras xornada e que non deu opción no Anexo a pesar do titánico esforzo das lucenses ao longo dos corenta minutos.

As de Adrián González saltaron á pista coa intención de loitar por cada balón coma se fose o último, e fixérono, pero o Celta dominou en todas as facetas do xogo levando o marcador ata 13-47. Na segunda parte Ensino intentou mellorar sensacións pero volvéronse a ver superadas por un equipazo.


Antía defendendo a unha xogadora celeste ante Sabela


A infantil Carla nunha acción de ataque ensinista

# Mariano aférrase aos play off

## TRAS IMPOÑERSE A ESTUDIANTES en Vigo o pasado domingo

**56 MARIANO – 38 ESTUDIANTES**

| MARIANO Xogadora | Pts. | ESTUDIANTES Xogadora | Pts. |
|---|---|---|---|
| García | | Iría | |
| Castro | | Toti | |
| Rodríguez | | Candela | |
| Estévez | | Yashina | |
| Fernández | | Emma | |
| Simón | | María F. | |
| Rodríguez | | Claudia | |
| Santas | | Cristina | |
| Andrés | | Alejandra | |
| Vega | | Laura | |
| | | Carla | |
| | | Marta R. | |

Colexio Mariano de Vigo impúxose a Estudiantes e con iso segue na pelexa por unha praza nos play off. O partido presumíase complicado de antemán nunha pista difícil e ante un rival con xogadoras moi físicas, e o guión cumpriuse.

Sise Peinó intentou controlar os centímetros das locais cunha zona que nos primeiros minutos deu bo resultado. Con todo, aos poucos Mariano foi desnivelando da balanza ao seu favor cunha boa presión a toda pista coa que roubaba e anotaba en cómodas transicións.

O primeiro parcial pechouse con 16-9 e o segundo con 11-9, deixando a loita pola vitoria aberta de cara á segunda parte.

A presión local volveu marcar o partido tralo paso polos vestiarios. Estudiantes tiña problemas para sacar o balón e cada perda era castigada con canastra local, 13-6 no terceiro cuarto para chegar aos últimos dez minutos con menos 14 no marcador.

Estudiantes recuperou o pulso competindo ben nos últimos dez minutos, pero sen opcións xa de poder loitar pola vitoria no marcador final.


A celeste Carla nun encontro xogado no Anexo

> "Pese a la derrota estoy contento con el esfuerzo que realizaron las jugadoras"
> SISE PEINÓ Estudiantes Lugo

# A moeda caeu cara esta vez

**ESTUDIANTES IMPÚXOSE EN MARÍN** nun encontro con moitos altibaixos por parte de ambos equipos, pero no que os lucenses estiveron mellor nos momentos clave

| MARÍN 71 | Pts. | ESTUDIANTES 81 | Pts. |
|---|---|---|---|
| Álvarez | | Miguel | |
| Fariña | | Cris | |
| Casal | | Ales | |
| Diaz | | Manu | |
| Lanoin | | Gabi | |
| Estévez | | Joel | |
| Gutiérrez | | Brais | |
| Sánchez | | Ruano | |
| Cruceira | | Óscar | |
| Parada | | Fabio | |
| | | Diego | |

> "Debemos conseguir ser más sólidos durante los cuarenta minutos de partido" ÁNGEL RIOBÓO Estudiantes Leyma

Estudiantes deu un paso de xigante para confirmar a súa presenza nos play off da Liga Galega infantil nos que estarán en xogo dúas prazas para o Campionato de España que se disputará en Lugo e Sarria o próximo mes de xuño.

A saída era complicada, xa que Marín loita por entrar en postos de clasificación para a Final A4 e porque Estudiantes xa perdeu a pasada tempada nesta pista.

Na primeira parte os lucenses estiveron a un moi bo nivel defensivo, concedendo poucas canastras, pero Marín mantiña o goteo de puntos desde a liña de persoal asinando 11 dos seus 32 puntos na primeira parte desde a liña de persoal.

O primeiro parcial terminou con 18-15, mentres que no segundo Estudiantes deulle a volta ao marcador cun 14-32 para chegar ao descanso con máis 15, 32-47 nuns primeiros corenta minutos nos que Marín anotou 3 triplos e Estudiantes 4.

Aos lucenses custoulles volver coller o ritmo tralo intermedio, polo que Marín gozou dos seus mellores minutos sobre a pista no terceiro cuarto. Estudiantes non atopaba vías para anotar e Marín meteuse de cheo na loita polo partido cun terceiro parcial de 16-6 que deixaba o marcador en 48-53 de cara aos dez últimos minutos.

No desenlace final, cando peor pintaban as cousas, Estudiantes sacou a relucir a súa mellor versión para poñer fin á resistencia de Marín cun parcial de 0-7 no último minuto co que os de Ángel Riobóo alzáronse cunha importante vitoria que lles permite chegar ao parón da competición desde o podio da Liga Galega infantil masculina.

Estudiantes volverá xogar o fin de semana do 27/28 de abril e de novo farao a domicilio, visitando Vigo para medirse con Novobásket, un equipo que teñen xa moi complicado terminar entre os cinco primeiros clasificados, corte que marcan os postos de play off.

**+2**

**VITORIAS-DERROTAS** Con este triunfo en Marín, Estudiantes queda con seis vitorias e dúas derrotas instalado no terceiro posto da clasificación, a dúas de Rosalía polo segundo posto e con dúas sobre o sexto, Marín

**11**

**PUNTOS DENDE O TIRO LIBRE** Dos 32 que anotou Marín na primeira parte, once deles chegaron dende a liña de persoal tras unha gran versión defensiva de Estudiantes nos primeiros vinte minutos

**0-7**

**PARCIAL ÚLTIMO MINUTO** Estudiantes resolveu o encontro no treito final cun cero a sete nos últimos sesenta segundos de partido na pista de Marín



O celeste Manu a piques de finalizar un lanzamento

## Burela regálase un partido plácido

**BOA CIRCULACIÓN DE BALÓN** e acerto ante Blanco Amor

| BURELA 76 | Pts. | BLANCO AMOR 40 | Pts. |
|---|---|---|---|
| Álvaro B. | 4 | Silva | |
| Carlos | 25 | Martínez | |
| Marcos | 21 | Rodríguez | |
| Álvaro F. | 2 | González | |
| Nicolás | | Román | |
| Diego | 13 | Cid | |
| Daniel | | Álvarez | |
| Luis | 11 | Pastoriza | |
| | | Antas | |

> "Partido cómodo tras encarar el encuentro con la concentración necesaria" MANOLO COBAS Academia A Mariña Burela

Terceira vitoria consecutiva do Academia A Mariña Burela nesta segunda fase da Liga Galega infantil na que os de Manolo Cobas tan só perderon un encontro e por un só punto na primeira xornada ante Porriño, 49-48.

Todo iso cun equipo que segue mermado polas ausencias pero que cada vez está máis adaptado ao ritmo de competición de Primeira División. Ante Blanco Amor, un equipo que aínda non coñece a vitoria, Burela afrontou o encontro coa intensidade necesaria evitando calquera tipo de relaxación ante un rival inferior, polo que desde os primeiros minutos tomaron o mando no marcador cun primeiro parcial de 14-7 e un segundo de 17-0 para chegar ao descanso con 31-17.

Burela controlou ao longo do partido o rebote, defendeu ben e sobre todo tivo acerto en ataque ao conseguir posicións claras de tiro tras unha boa circulación de balón.


Álvaro Ben subindo o balón nun partido no Anexo

## Bosco non concedeu opcións

**O LÍDER DA LIGA GALEGA** exhibiu potencial en Ourense ante Estudiantes

| BOSCO 73 | Pts. | ESTUDIANTES 23 | Pts. |
|---|---|---|---|
| Sotelo | | Candela | |
| Pereira | | Celia | |
| Cid | | Iría | |
| López | | L. Martín | |
| Souto | | Nerea | |
| Gómez | | Naiara | |
| Díaz | | María | |
| Maestro | | Lucía | |
| Antolín | | L. Mesa | |
| Domínguez | | Carolina | |
| | | Sara | |
| | | Marta | |


Julia Pena dando instruccións durante un tempo morto

> "Partido para pasar página cuanto antes" JULIA PENA Estudiantes Lugo

Estudiantes mediuse a un equipo doutro nivel para esta competición. Bosco Salesianos exhibiu potencial e deixou claro que quere ser campión galego por diante de todo un Celta de Vigo e sacar o billete directo para o Campionato de España infantil feminino.

Co permiso de Peleteiro, Celta e Bosco, empatados nos máis alto con nove vitorias e unha derrota, xogaranse o título tralo parón. Mentres que Estudiantes buscará praza nos play off.

En Ourense as lucenses apenas tiveron opcións de competir ante un equipo entonado que mostrou a súa superioridade desde os primeiros minutos cun parcial de 25-4 no primeiro cuarto.

Sen opción de competir de poder a poder, Estudiantes non conseguiu asumir o rol de minimizar erros ante un Bosco que dominou todas as facetas do xogo e con iso foi ampliando as diferenzas no marcador ata chegar ao KO no último cuarto dun partido no que poucas conclusións se poden sacar.

Na próxima xornada, tralo parón de Semana Santa, Estudiantes viaxa a Allariz nun duelo directo pola cuarta praza da clasificación nesta segunda fase da Liga Galega infantil feminina.

**5º**

**POSTO** Estudiantes, con catro vitorias e dúas derrotas nesta segunda fase mantense en postos de play off e na próxima xornada xogará ante Allariz nun duelo directo pola cuarta praza

# Estudiantes instálase no liderado tras impoñerse en Vigo ao Celta

**GOLPE DE AUTORIDADE DAS DE GEMMA SOUTO**, que se sobrepoñen ás adversidades e chegan ao parón da competición como líderes do Galego Preinfantil feminino

| CELTA VIGO 50 | | ESTUDIANTES 58 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | P. | Xogadora | Pts. |
| Martínez | | Laura | |
| Comesaña I. | | María A. | |
| Moreno | | Ana | |
| Comesaña S | | María C. | |
| Martín | | Paula A. | |
| Pérez | | Aroa | |
| Hernández | | Daniela P. | |
| Urdiales | | Sara | |
| Vecina | | Paula L. | |
| Cabello | | Alma | |
| Calvelo | | Daniela G. | |

Estudiantes, que non volverá competir ata o cinco de maio na Liga Galega preinfantil, gañouse a pulso pasar o parón no máis alto da clasificación como mellor equipo de Galicia. As de Gemma Souto seguen asinando unha espectacular tempada pese aos numerosos contratempos que teñen que afrontar, especialmente en forma de lesións. Pero lonxe de lamentarse, cada compoñente do equipo pon ao servizo do grupo un plus individual para minimizar as ausencias.

Estudiantes é líder da competición tras impoñerse a todo un Celta en Vigo, e botando a vista atrás, lidera a clasificación por ese puntazo co que recuperaron o average particular con BBCA no partido que ambos equipos disputaron para despedir a primeira fase da competición.

Agora serán os demais os que terán que apear do primeiro escalón ás celestes, e visto o rendemento do equipo, teñen un serio problema.

Estudiantes presentouse en Vigo seguro de si mesmo, conscientes de que facendo as cousas ben terías posibilidades e así foi.

Nos primeiros minutos apenas houbo canastras, pero as sensacións eran boas e ao final do primeiro cuarto Estudiantes mandaba por dous puntos, 10-12. O Celta intentou reaccionar, pero atopouse cunha defensa lucense no seu máximo esplendor que roubou balóns, e aínda que en ataque non estiveron de todo acertadas, Estudiantes impúxose 12-17 e deixou o marcador ao descanso en 22-29.



As xogadoras de Estudiantes celebrando unha vitoria ao remate dun partido no Anexo

A reacción local na segunda parte era de esperar e o Celta non defraudou. A Estudiantes volveulle a custar meterse no partido e as locais, cun parcial de 20-11, déronlle a volta ao marcador. Con todo, unha vez máis, cando peor pintaban as cousas, Estudiantes tirou de orgullo e calidade. As de Gemma Souto foron mellores que o Celta en Vigo e nos últimos dez minutos, cun parcial de 8-18, asinárono no marcador remontando e asaltando o liderado co definitivo 50-58.

> "Estas niñas se superan día a día, son unas valientes. Creo que todas hemos aprendido mucho esta temporada. Han sabido superarse tras cada piedra que se encontraron en el camino. Las 13 que están en esta dinámica siguen aprendiendo y formando un gran equipo"
>
> GEMMA SOUTO Estudiantes

## Maristas, ao parón no máis alto

**OS DE RUBÉN ENGROBA** son o mellor equipo galego preinfantil

| TUI 67 | | MARISTAS 82 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | P. |
| Pousada | | Mauro | 5 |
| González | | Néstor | 9 |
| Fontela | | David | |
| Vullot | | Samuel V. | 10 |
| Gizova | | Gabriel R. | 8 |
| Diéguez | | Alexis | 4 |
| Campos | | Jorge | 2 |
| Gallego | | Julián | 40 |
| Paz | | Gabriel F. | |
| | | Carlos | 4 |



Jorge encarando o aro rival con decisión no Anexo

> "Llegamos líderes al parón, con la esperanza de seguir mejorando en la recta final de la competición"
>
> RUBÉN ENGROBA Maristas

O debutante pasou a ser revelación e de aí a unha realidade para loitar polo título galego preinfantil masculino. A meteórica proxección de Maristas esta tempada aínda non tocou teito e os de Rubén Engroba instaláronse no primeiro posto, onde pasarán todo o parón da competición.

Maristas viaxaba a Tui para medirse cun equipo en mala dinámica de resultados pero cun potencial impresionante individual e colectivo. Tui,aprendeu a lección e demostrou que en Galicia xa se coñece e témese a Maristas, que puxo unha defensa individual sobre Julián que o xogador lucense tirou por terra desde o primeiro cuarto, no que anotou 14 puntos e terminou con 40 o partido.

De inicio os ataques impuxéronse ás defensas, 23-25, e no segundo Maristas tivo máis problemas para subir o balón pero anotou con fluidez desde o tiro libre ao cargarse de faltas Tui e chegar con vantaxe ao descanso, 41- 44.

Ao comezo da segunda parte Maristas deu un paso á fronte en defensa, pechou o rebote, correu e foise ata os 13 puntos de vantaxe de cara aos dez últimos minutos nos que os lucenses deron un cursillo táctico para controlar o encontro e chegar con certa folgura aos minutos finais.

## Xa son trece vitorias consecutivas

**ESTUDIANTES,** sen facer o seu mellor partido, volveu gañar

| PORRIÑO 59 | | ESTUDIANTES 82 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | P. |
| Martínez | | Brais | 22 |
| Abalde | | Dani | 6 |
| Castro | | Leo | 2 |
| Rodríguez | | Bernal | |
| Lorenzo | | Rozas | 5 |
| Giralda | | Serguei | 22 |
| Vivo | | Antón | 2 |
| Fernández | | Mario | 3 |
| Lourés | | Isma | 7 |
| | | Mateo | |
| | | Pablo | 15 |
| | | Santi | |



Pablo Pi ante dous rivais nun partido no Anexo

> "No fue un partido brillante a pesar de la victoria. Debemos seguir trabajando para evitar estos altibajos durante los partidos"
>
> NICO FERNÁNDEZ Estudiantes Lugo

Estudiantes xa conta trece vitorias consecutivas na Liga Galega preinfantil entre a primeira fase e esta segunda, sumando os de Nico Fernández xa cinco meses de competición sen coñecer a derrota.

Ante Porriño, nunha pista tradicionalmente complicada, Estudiantes gañou sen ter que ofrecer a súa mellor versión.

Nos primeiros minutos a intensidade dos locais viuse reflectida no marcador cun parcial inicial de 18-15. O toque de atención foi captado polos celestes, que coma sempre empezaron a crecer desde a defensa. Ao poñerse duros atrás o equipo tamén atacou mellor, e cun segundo parcial de 7-17 chegouse ao descanso con 25-32 no marcador.

Ao comezo da segunda parte, pese a estar correctos, Porriño mantívose no partido con accións individuais ante as que Estudiantes sufriu ata perder o terceiro parcial 23-21 e encarar os últimos dez minutos con cinco puntos de vantaxe.

No desenlace final Estudiantes non deu marxe á sorpresa e cun xogo compacto desnivelou con autoridade o marcador ao seu favor cun último parcial de 11-30.

# CLASIFICACIÓNS » Primeira e Segunda División

### JÚNIOR 1ª DIV. MASCULINA

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Rosalia – Estudiantes | 63-74 |
| Seis Nadal – B. Ferrol | 49-80 |
| Sigaltec – B. Coruña | 79-50 |
| Bosco – PBB A | 58-46 |
| Tui – C. Ourense | 65-74 |
| Blanco Amor – Peleteiro | 41-87 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| OBRADOIRO | 22 | 21 | 1 | 0 | 1791 | 1143 |
| ESTUDIANTES | 22 | 21 | 1 | 0 | 1979 | 1386 |
| BASKET FERROL | 22 | 13 | 9 | 0 | 1559 | 1419 |
| ROSALÍA | 22 | 13 | 9 | 0 | 1629 | 1552 |
| TUI SETA | 22 | 13 | 9 | 0 | 1597 | 1508 |
| CLUB OURENSE | 22 | 12 | 10 | 0 | 1426 | 1479 |
| SIGALTEC | 22 | 11 | 11 | 0 | 1380 | 1478 |
| BOSCO | 22 | 9 | 13 | 0 | 1374 | 1363 |
| PBB A | 22 | 8 | 14 | 0 | 1288 | 1510 |
| SEIS DO NADAL | 22 | 6 | 16 | 0 | 1297 | 1627 |
| B. CORUÑA | 21 | 3 | 18 | 0 | 1245 | 1650 |
| BLANCO AMOR | 21 | 2 | 19 | 0 | 1209 | 1584 |

FINALIZADA A COMPETICIÓN

### JUNIOR 2ª DIV. MASC. G-I

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Culleredo – Ribadeo | 54-47 |
| Carballo – Esclavas | 94-35 |
| B. Coruña – H. Ferreiro | 76-64 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CARBALLO | 10 | 10 | 0 | 0 | 762 | 380 |
| KFC CULLE | 10 | 7 | 3 | 0 | 724 | 470 |
| BASQUET CORUÑA | 10 | 7 | 3 | 0 | 661 | 585 |
| HIERROS FERREIRO | 10 | 3 | 7 | 0 | 482 | 668 |
| RIA DE RIBADEO | 10 | 2 | 8 | 0 | 440 | 704 |
| ESCLAVAS | 10 | 1 | 9 | 0 | 476 | 738 |

FINALIZADA A COMPETICIÓN

### JUNIOR 2ª DIV. MASC. G-II

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Betanzos – Baxi Ferrol | 75-49 |
| Narón – Estudiantes | 59-75 |
| Cambre – CB Viveiro | 52-60 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ESTUDIANTES | 10 | 9 | 1 | 0 | 707 | 564 |
| BETANZOS | 10 | 6 | 4 | 0 | 684 | 644 |
| C. B. VIVEIRO | 10 | 5 | 5 | 0 | 539 | 565 |
| BAXI FERROL | 10 | 4 | 6 | 0 | 640 | 638 |
| BALONCESTO NARON | 10 | 3 | 7 | 0 | 572 | 670 |
| CAMBRE | 10 | 3 | 7 | 0 | 597 | 658 |

FINALIZADA A COMPETICIÓN

### JUNIOR 2ª DIV. MASC. G-III

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Burela – Maristas c. | --- |
| Los Rosales – Mª Del Mar | 64-62 |
| B. Coruña – BBCA | 42-65 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| LOS ROSALES | 6 | 6 | 0 | 0 | 442 | 321 |
| MARISTAS CORUÑA | 6 | 5 | 1 | 0 | 389 | 292 |
| SANTA Mª DEL MAR | 6 | 4 | 2 | 0 | 403 | 303 |
| CB ARTEIXO | 6 | 3 | 3 | 0 | 334 | 325 |
| BURELA JUV MASC | 5 | 3 | 2 | 0 | 320 | 287 |
| BBCA DE CARIÑO | 6 | 2 | 4 | 0 | 315 | 400 |
| LICEO LA PAZ | 6 | 1 | 5 | 0 | 379 | 400 |
| BÁSQUET CORUÑA | 7 | 0 | 7 | 0 | 305 | 559 |

ÚLTIMA XORNADA

BBCA - Los Rosales · Burela - Mª del Mar
Arteixo - Liceo

### CADETE 2ª MASCULINO

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Ribadeo – San Ciprián | 73-65 |
| Est. Azul – Sagrado | 77-55 |
| Ensino – Design Sarria | 74-16 |
| Est. Rojo – CB Viveiro | 106-36 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| SAN CIPRIAN | 16 | 14 | 2 | 0 | 1045 | 620 |
| ESTUDIANTES AZUL | 16 | 12 | 4 | 0 | 1026 | 902 |
| C.B. RIA DE RIBADEO | 16 | 12 | 4 | 0 | 1133 | 734 |
| ENSINO LUGO | 16 | 11 | 5 | 0 | 964 | 666 |
| C. B. VIVEIRO | 16 | 9 | 7 | 0 | 921 | 869 |
| MGR C. B. SARRIA | 16 | 6 | 10 | 0 | 852 | 910 |
| ESTUDIANTES ROJO | 16 | 5 | 11 | 0 | 918 | 954 |
| A.X. SAGRADO | 16 | 3 | 13 | 0 | 722 | 1046 |
| DESIGN C. B. SARRIA | 16 | 0 | 16 | 0 | 439 | 1319 |

FINALIZADA A COMPETICIÓN

### CADETE 1ª DIV. MASC. A-1

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Culleredo – Seis Nadal | 66-64 |
| Obradoiro – CB Tui | 89-55 |
| Estudiantes – Peleteiro | 81-83 |
| Rosalia – Novobasket | --- |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| OBRADOIRO | 12 | 10 | 2 | 0 | 928 | 694 |
| ESTUDIANTES | 12 | 8 | 4 | 0 | 986 | 917 |
| C.B. TUI MASCATO | 12 | 8 | 4 | 0 | 842 | 835 |
| ROSALIA CASTRO | 11 | 7 | 4 | 0 | 861 | 771 |
| NOVOBASKET | 11 | 5 | 6 | 0 | 750 | 810 |
| PELETEIRO | 12 | 4 | 8 | 0 | 834 | 949 |
| KFC CULLE | 12 | 4 | 8 | 0 | 735 | 847 |
| SEIS DO NADAL | 12 | 1 | 11 | 0 | 759 | 872 |

PRÓXIMA XORNADA

Seis Nadal - Obradoiro · Novobasket - Culleredo
Peleteiro - Rosalia · Estudiantes - CB Tui

### PREINFANTIL MASC. A-1

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| CB Tui – Maristas Lugo | 67-82 |
| PBB B – Estudiantes | 59-82 |
| Novobasket – Culleredo | 52-51 |
| Marin – Narón | 56-60 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| MARISTAS LUGO | 10 | 8 | 2 | 0 | 632 | 623 |
| NARON | 10 | 7 | 3 | 0 | 620 | 496 |
| MARIN | 10 | 7 | 3 | 0 | 602 | 540 |
| ESTUDIANTES | 10 | 7 | 3 | 0 | 582 | 492 |
| NOVOBASKET | 10 | 4 | 6 | 0 | 628 | 590 |
| KFC CULLE | 10 | 4 | 6 | 0 | 587 | 605 |
| PBB "B" | 10 | 2 | 8 | 0 | 513 | 569 |
| C.B. TUI | 10 | 1 | 9 | 0 | 547 | 796 |

PRÓXIMA XORNADA

PBB B - Narón · CB Tui - Culleredo
Novobasket - Estudiantes · Marin - Maristas Lugo

### MINIBASKET 2ª MASCULINO

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Cidade – Franciscanos | 74-30 |
| CB Sarria – Est. Rojo | 47-48 |
| Est. Azul – Ribadeo | Susp. |
| M. Auxiliadora – Galén E. | 31-43 |
| CB Viveiro – CB Celtas | Apr. |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CIDADE DE LUGO | 14 | 13 | 1 | 0 | 766 | 410 |
| CB CELTAS | 13 | 13 | 0 | 0 | 889 | 235 |
| ESTUDIANTES AZUL | 13 | 9 | 4 | 0 | 669 | 502 |
| MARÍA AUXILIADORA | 14 | 7 | 7 | 0 | 624 | 548 |
| CB VIVEIRO | 12 | 8 | 4 | 0 | 640 | 442 |
| CRISTO C. B. SARRIA | 14 | 6 | 8 | 0 | 586 | 623 |
| GALEN ENSINO | 14 | 5 | 9 | 0 | 566 | 649 |
| ESTUDIANTES ROJO | 14 | 4 | 10 | 0 | 504 | 773 |
| FRANCISCANOS | 13 | 1 | 12 | 0 | 255 | 787 |
| CB RIA DE RIBADEO | 13 | 1 | 12 | 0 | 184 | 714 |

PRÓXIMA XORNADA

Franciscanos - CB Sarria · M. Aux. - CB Celtas
Est. Rojo - Est. Azul · Ribadeo - CB Viveiro
Galén E. - Cidade Lugo

### PREMINI 2ª MASCULINO G-A

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Est. Azul – CB Sarria | 62-67 |
| CB Viveiro – Est. Rojo | 14-64 |
| Maristas – Burela | 30-67 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ORIBIO C. B. SARRIA | 9 | 8 | 1 | 0 | 513 | 287 |
| ESTUDIANTES AZUL | 9 | 6 | 3 | 0 | 589 | 385 |
| ESTUDIANTES ROJO | 9 | 6 | 3 | 0 | 521 | 367 |
| BURELA | 9 | 5 | 4 | 0 | 505 | 415 |
| MARISTAS LUGO | 9 | 2 | 7 | 0 | 278 | 543 |
| C. B. VIVEIRO | 9 | 0 | 9 | 0 | 111 | 520 |

ÚLTIMA XORNADA

Est. Rojo - Est. Azul · Burela - CB Viveiro
CB Sarria - Maristas

### PREMINI 2ª MASCULINO G-B

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Galén Ensino – Cidade | 57-60 |
| Franciscanos – Est. Blanco | 28-66 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CIDADE DE LUGO | 8 | 8 | 0 | 0 | 459 | 261 |
| EST. BLANCO | 7 | 4 | 3 | 0 | 351 | 267 |
| GALEN ENSINO | 7 | 4 | 3 | 0 | 340 | 270 |
| FRANCISCANOS | 7 | 2 | 5 | 0 | 206 | 381 |
| GALEN NARANJA | 7 | 0 | 7 | 0 | 222 | 399 |

ÚLTIMA XORNADA

Est. Blanco - Galen Naranja · Galén - Franciscanos

### INFANTIL 1ª DIV. MASC. A-1

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Bosco – Culleredo | 76-66 |
| Sigaltec – B. Coruña | 42-91 |
| Novobasket – Rosalia | 59-71 |
| Marin – Estudiantes | 71-81 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BOSCO | 10 | 10 | 0 | 0 | 717 | 548 |
| INSTITUTO ROSALÍA | 10 | 8 | 2 | 0 | 712 | 599 |
| ESTUDIANTES | 10 | 6 | 4 | 0 | 759 | 714 |
| BASQUET CORUÑA I | 10 | 4 | 6 | 0 | 695 | 651 |
| KFC CULLE | 9 | 5 | 4 | 0 | 638 | 601 |
| MARIN | 10 | 4 | 6 | 0 | 601 | 617 |
| NOVOBASKET | 9 | 2 | 7 | 0 | 560 | 617 |
| SIGALTEC | 10 | 0 | 10 | 0 | 474 | 809 |

PRÓXIMA XORNADA

Sigaltec - Rosalia · Novobasket - Estudiantes
Bosco - B. Coruña · Marin - Culleredo

### INFANTIL 1ª DIV. MASC. A-2

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Maristas – PBB A | 48-56 |
| B. Ferrol – Seis Nadal | 43-67 |
| Peleteiro – R. Ourense | 81-50 |
| Burela – B. Amor | 76-40 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PELETEIRO | 10 | 10 | 0 | 0 | 668 | 364 |
| PBB A | 10 | 8 | 2 | 0 | 619 | 527 |
| BURELA 05 MASC. | 10 | 6 | 4 | 0 | 619 | 490 |
| SEIS DO NADAL | 10 | 6 | 4 | 0 | 680 | 583 |
| RIO OURENSE | 10 | 5 | 5 | 0 | 584 | 609 |
| BASKET FERROL | 10 | 4 | 6 | 0 | 493 | 626 |
| EDO BLANCO AMOR | 10 | 1 | 9 | 0 | 425 | 640 |
| MARISTAS | 10 | 0 | 10 | 0 | 420 | 669 |

PRÓXIMA XORNADA

B. Ferrol - R. Ourense · Peleteiro - B. Amor
Maristas - Seis Nadal · Burela - PBB A

### INFANTIL 2ª DIV. MASC.

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Franciscanos – Elev. Sarria | 70-42 |
| Est. 05 – CB Viveiro | 46-78 |
| C. Ensino – MGR Sarria | 60-37 |
| Celtas – Cidade Lugo | 61-47 |
| Sagrado – Burela 06 | 76-26 |
| Est. 06 – Ribadeo | 21-68 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| C. ENSINO | 20 | 18 | 2 | 0 | 1337 | 703 |
| SAGRADO | 19 | 18 | 1 | 0 | 1337 | 827 |
| CELTAS | 20 | 17 | 3 | 0 | 1352 | 916 |
| CB RIA RIBADEO | 19 | 13 | 6 | 0 | 1236 | 897 |
| MGR C. B. SARRIA | 20 | 12 | 8 | 0 | 1097 | 933 |
| CIDADE DE LUGO | 20 | 11 | 9 | 0 | 1057 | 1013 |
| ESTUDIANTES 05 | 20 | 8 | 12 | 0 | 1023 | 1227 |
| BURELA 06 MASC | 20 | 8 | 12 | 0 | 906 | 1221 |
| FRANCISCANOS | 20 | 7 | 13 | 0 | 964 | 1106 |
| CB VIVEIRO | 20 | 5 | 15 | 0 | 994 | 1194 |
| ESTUDIANTES 06 | 20 | 1 | 19 | 0 | 627 | 1301 |
| AG ELEV. SARRIA | 20 | 1 | 19 | 0 | 726 | 1318 |

PRÓXIMA XORNADA

Franciscanos - Ribadeo · Elev. Sarria . C. Ensino
Cidade - Est. 05 · CB Viveiro - Sagrado
Est. 06 - Burela 06

### MINI 1ª DIV. MASC. A-1

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Naron – B. Coruña | 111-93 |
| MGR Sarria – Rosalia | 24-74 |
| Estudiantes – Peleteiro | 67-85 |
| B. Ferrol – Obradoiro | Apr. |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PIO XII ROSALIA | 8 | 8 | 0 | 0 | 662 | 395 |
| BALONCESTO NARÓN | 8 | 6 | 2 | 0 | 634 | 529 |
| BASKET FERROL | 7 | 6 | 1 | 0 | 521 | 374 |
| OBRADOIRO CAB | 7 | 4 | 3 | 0 | 497 | 529 |
| BASQUET CORUÑA | 8 | 3 | 5 | 0 | 612 | 620 |
| PELETEIRO | 8 | 2 | 6 | 0 | 497 | 598 |
| ESTUDIANTES | 8 | 2 | 6 | 0 | 487 | 606 |
| MGR CB SARRIA | 8 | 0 | 8 | 0 | 388 | 647 |

PRÓXIMA XORNADA

B. Coruña - B. Ferrol · Peleteiro - Naron
Obradoiro - MGR Sarria · Rosalia - Estudiantes

### JÚNIOR 1ª DIV. FEMININA

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Cortegada – Maristas | 59-41 |
| Celta – Est. Pontevedra | 90-32 |
| Durán Ensino – Rosalia | 54-57 |
| C. Maria – PBB A | 66-53 |
| Peleteiro – Estudiantes | 63-67 |
| Arxil – Bosco | 61-68 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. CELTA ZORKA | 22 | 22 | 0 | 0 | 1819 | 782 |
| ESTUDIANTES | 22 | 19 | 3 | 0 | 1617 | 1044 |
| ROSALIA PIO XII | 22 | 15 | 7 | 0 | 1445 | 1288 |
| DURAN ENSINO | 22 | 15 | 7 | 0 | 1464 | 1184 |
| PELETEIRO | 22 | 14 | 8 | 0 | 1319 | 1122 |
| CORTEGADA | 22 | 12 | 10 | 0 | 1213 | 1259 |
| BOSCO | 22 | 10 | 12 | 0 | 1086 | 1321 |
| COMPAÑIA MARIA | 22 | 9 | 13 | 0 | 1213 | 1385 |
| MARISTAS | 22 | 7 | 15 | 0 | 1224 | 1521 |
| ARXIL A | 22 | 6 | 16 | 0 | 988 | 1431 |
| PBB A | 22 | 2 | 20 | 0 | 1060 | 1529 |
| E. PONTEVEDRA | 22 | 1 | 21 | 0 | 945 | 1527 |

FINALIZADA A COMPETICIÓN

### CADETE 1ª DIV. FEM. A-1

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| C. Ensino – Celta | 26-96 |
| BBCA – Bosco | 58-52 |
| Rosalia – Allariz | 60-39 |
| Franciscanos – Estudiantes | 56-38 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. CELTA ZORKA | 12 | 12 | 0 | 0 | 939 | 588 |
| ROSALIA PIO XII | 12 | 9 | 3 | 0 | 745 | 632 |
| ESTUDIANTES | 12 | 6 | 6 | 0 | 650 | 695 |
| BOSCO SALESIANOS | 12 | 5 | 7 | 0 | 670 | 716 |
| CANDELAS ENSINO | 11 | 5 | 6 | 0 | 581 | 631 |
| BBCA VILAR | 12 | 4 | 8 | 0 | 652 | 784 |
| FRANCISCANAS VIGO | 12 | 4 | 8 | 0 | 671 | 722 |
| ALLARIZ OURENSE | 11 | 2 | 9 | 0 | 568 | 708 |

PRÓXIMA XORNADA

Allariz - Estudiantes · Franciscanos - BBCA
RC Celta - Rosalia · Bosco - C. Ensino

### INFANTIL 2ª DIV. FEMININO

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Estudiantes – Galén Ensino | 70-30 |
| CB Viveiro – Ensino | 23-62 |
| Cidade – Franciscanos | 27-55 |
| Stos. Sarria – Burela 05 | 42-46 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ENSINO LUGO | 16 | 16 | 0 | 0 | 1010 | 335 |
| BURELA 05 FEM | 16 | 13 | 3 | 0 | 884 | 497 |
| ESTUDIANTES | 16 | 11 | 5 | 0 | 855 | 674 |
| FRANCISCANAS | 16 | 10 | 6 | 0 | 677 | 700 |
| STOS. SARRIA | 16 | 8 | 8 | 0 | 727 | 687 |
| CIDADE DE LUGO | 16 | 5 | 11 | 0 | 527 | 765 |
| GALEN ENSINO | 16 | 3 | 13 | 0 | 473 | 781 |
| CB VIVEIRO | 16 | 3 | 13 | 0 | 473 | 870 |
| TERRAS DA MARIÑA | 16 | 3 | 13 | 0 | 574 | 891 |

FINALIZADA A COMPETICIÓN

### MINI 1ª DIV. MASC. A-2

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Maristas Lugo – Jesuitinas | 49-47 |
| BBCA – Montrove | Apr. |
| Ribadeo – Culleredo | 45-76 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| KFC CULLE | 8 | 6 | 2 | 0 | 576 | 460 |
| MONTROVE GALICIA | 7 | 5 | 2 | 0 | 411 | 347 |
| BBCA PONZOS | 5 | 5 | 0 | 0 | 381 | 228 |
| JESUITINAS | 7 | 2 | 5 | 0 | 260 | 336 |
| CB LICEO DE NOIA | 7 | 2 | 5 | 0 | 421 | 450 |
| MARISTAS LUGO | 6 | 3 | 3 | 0 | 307 | 386 |
| RIA DE RIBADEO | 6 | 0 | 6 | 0 | 262 | 411 |

PRÓXIMA XORNADA

Liceo - Maristas Lugo · Montrove - Ribadeo
Jesuitinas - BBCA

### INFANTIL 1ª DIV. FEM. A-1

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Bosco – Estudiantes | 73-23 |
| Celta – Peleteiro | 67-64 |
| Allariz – Giraldo | 74-49 |
| Carmelitas – Cortegada | 53-69 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BOSCO SALESIANOS | 10 | 9 | 1 | 0 | 661 | 407 |
| CELTA ZORKA | 10 | 9 | 1 | 0 | 690 | 458 |
| PELETEIRO | 10 | 8 | 2 | 0 | 659 | 418 |
| CB ALLARIZ | 10 | 5 | 5 | 0 | 600 | 539 |
| ESTUDIANTES | 10 | 4 | 6 | 0 | 510 | 618 |
| GIRALDO CBV | 10 | 3 | 7 | 0 | 481 | 614 |
| CORTEGADA | 10 | 2 | 8 | 0 | 481 | 660 |
| CARMELITAS 05 | 10 | 0 | 10 | 0 | 329 | 697 |

PRÓXIMA XORNADA

Celta - Giraldo · Carmelitas - Peleteiro
Allariz - Estudiantes · Bosco - Cortegada

### PREINFANTIL FEM. A-1

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Seis Nadal – Cortegada | 43-68 |
| Celta – Estudiantes | 50-58 |
| C.Maria – BBCA | 37-60 |
| Carmelitas – Porto do Son | 67-28 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ESTUDIANTES | 10 | 8 | 2 | 0 | 591 | 479 |
| BBCA CHAMORRO | 10 | 8 | 2 | 0 | 600 | 486 |
| CELTA ZORKA | 10 | 7 | 3 | 0 | 582 | 366 |
| CARMELITAS | 10 | 7 | 3 | 0 | 556 | 498 |
| CORTEGADA | 10 | 5 | 5 | 0 | 540 | 519 |
| CIA.MARIA VIGO | 10 | 4 | 6 | 0 | 444 | 503 |
| SEIS DO NADAL | 10 | 1 | 9 | 0 | 393 | 610 |
| PORTO DO SON | 10 | 0 | 10 | 0 | 366 | 611 |

PRÓXIMA XORNADA

Seis Nadal - Estudiantes · C. Maria - Porto do Son
Cortegada - Carmelitas · Celta - BBCA

### MINI 1ª DIV. FEMININO A-1

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| B. Coruña – BBCA | 51-53 |
| Baxi Ferrol – Estudiantes | 36-77 |
| Cluny – Rosalia | 41-51 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BBCA DONIÑOS | 6 | 6 | 0 | 0 | 407 | 278 |
| BASQUET CORUÑA | 6 | 4 | 2 | 0 | 360 | 284 |
| ESTUDIANTES | 5 | 3 | 2 | 0 | 310 | 252 |
| PIO XII ROSALIA | 5 | 2 | 3 | 0 | 231 | 256 |
| CLUNY 007 | 6 | 1 | 5 | 0 | 195 | 358 |
| BAXI FERROL | 6 | 1 | 5 | 0 | 252 | 327 |

PRÓXIMA XORNADA

Estudiantes - B. Coruña · BBCA - Cluny 007
Rosalia - Baxi Ferrol

### MINIBASKET 2ª FEMININO

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Fingoi – Cidade | 14-52 |
| Franciscanos – CB Sarria | 36-74 |
| CB Burela – CB Viveiro | 76-26 |
| Galén E. – E. Celeste | 57-46 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| C.B.BURELA | 13 | 13 | 0 | 0 | 812 | 389 |
| C. B. SARRIA | 13 | 11 | 2 | 0 | 740 | 296 |
| FRANCISCANOS | 13 | 9 | 4 | 0 | 787 | 533 |
| CIDADE DE LUGO | 13 | 8 | 5 | 0 | 619 | 424 |
| C B VIVEIRO | 13 | 5 | 8 | 0 | 526 | 776 |
| GALEN ENSINO | 13 | 4 | 9 | 0 | 378 | 631 |
| EST. CELESTE | 13 | 2 | 11 | 0 | 448 | 716 |
| FINGOI | 13 | 0 | 13 | 0 | 243 | 788 |

ÚLTIMA XORNADA

Cidade - Franciscanos · Galén Ensino - CB Sarria
Est. Celeste - CB Burela · CB Viveiro - Fingoi

### JUNIOR 2ª DIV. FEM. A-A

RESULTADOS

| | |
|---|---|
| B. Coruña – Culleredo | --- |
| Los Rosales – Ribadeo | 39-78 |
| Pontumio – BBCA | 38-50 |
| Artai – Ensino Lugo | 62-60 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| RIA DE RIBADEO | 13 | 11 | 2 | 0 | 765 | 628 |
| BASQUET CORUÑA | 12 | 11 | 1 | 0 | 768 | 514 |
| BBCA FRAGATA | 13 | 9 | 4 | 0 | 722 | 601 |
| PONTUMIO | 13 | 6 | 7 | 0 | 694 | 693 |
| KFC CULLE | 12 | 7 | 5 | 0 | 727 | 560 |
| ARTAI EBX | 13 | 5 | 8 | 0 | 700 | 749 |
| ENSINO LUGO | 13 | 2 | 11 | 0 | 596 | 706 |
| BV LOS ROSALES | 13 | 0 | 13 | 0 | 444 | 965 |

ÚLTIMA XORNADA

Ensino - Pontumio · Ribadeo - B. Coruña
